



## PLAN ESTRATÉGICO

MR053

Edición: 01  
Data: 01/03/2010

# PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA

**ELABORADO: Loreto Sambade**  
**DATA: 2023-2026**

		<b>PLAN ESTRATÉGICO</b>	<b>MR053</b>  Edición: 01 Data: 01/03/2010
---	---	-------------------------	---

## PROPOSITO

Acadar unha sociedade que ofrezca a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

## MISIÓN

Ser unha entidade referente en Galicia, no sector da discapacidade, ser recoñecida socialmente pola súa calidade nos servizos para conseguir unha sociedade máis xusta, igualitaria e participativa.

## PRINCIPIOS E VALORES

- A persoa con discapacidade como centro do noso traballo e dos nosos obxectivos.
- Igualdade, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero para conseguir a plena integración.
- Transparencia en todos os procesos, na xestión de recursos e servizos ofrecidos, no traballo do equipo técnico e na actuación dos órganos de goberno.
- Calidade na prestación dos nosos servizos por profesionais cualificados e especializados, seguindo o modelo de Xestión EFQM de Excelencia.
- Compromiso social para chegar a consecución dos dereitos das persoas con discapacidade en sinerxia co resto dos axentes sociais do territorio.
- Eficiencia xestionando adecuadamente os recursos dos que dispoñemos.
- Apoio mutuo entre traballadores/as, voluntarios/as e familias para un exitoso desenvolvemento das actividades fomentando o empoderamento

## ANÁLISE DAFO

MATRIZ DAFO		AMENAZAS	OPORTUNIDADES	
PUNTOS FORTES	1	Productos de calidade	Aumento do custe das materias primas	Formación a través da Fundae
	2	Talento humano	Reducción das subvencións	Ingresos por Servizos Prestados a persoas externas.
	3	Equipo multidisciplinar comprometido	Gran dependencia da Xunta por os contratos das prazas	Ingresos por medio das diferentes accións que se realizan (festivals, rifas, cursos).
	4	Boa relación entre profesionais e familias	Escaseza de financiamento privado	Posibilidade de aumentar a superficie de terreo para produción agrícola.
	5	Traballadores con formación adecuada e con experiencia.	Baixo nivel socio-económico da zona	Intercambio de experiencias e colaboracións con outras entidades e asociacións.
	6	Declaración de utilidade pública	Desigualdade no prezo das prazas de Centro Ocupacional en comparación cos novos Centros	Tenda online.
	7	Gran experiencia da entidade		Convenio co Banco de Alimentos e Fogga.
	8	Involucración da Xunta Directiva		Boa relación cos concellos da comarca.
	9	Capacidade colaborativa da asociación		
	10	Valor social		
	11	Selo EFQM		
	12	Valor emocional		
	13	Formación do persoal do centro		
	PUNTOS DEBILES	1	Falta de financiación para realización de mais actividades e manter o persoal contratado	
2		Necesidade de que unha persoa se adique a páxina web		
3		Ausencia de auditoría de contas		
4		Ubicación do centro en zona rural		
5		Descoñecemento da organización por parte da sociedade e do valor social que aportamos.		
6		Tenda on line sin explotar		

## OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

A hora de formular os obxectivos estratéxicos, tívose en conta a análise DAFO, e tamén as enquisas de necesidades e expectativas feitas aos grupos de interese. A vista da análise DAFO, trátase de potenciar as fortalezas, superar as debilidades e ao mesmo tempo aproveitar as oportunidades para protexernos das ameazas.

Os obxectivos que o comité de planificación acordou establecer no plan estratéxico para estes catro anos son os seguintes:

### OBXECTIVO 1: COMUNICACIÓNS.

#### 1.1 Mellorar a actualización e distribución de páxina web.

Nomearase unha persoa para que adique unha hora diaria a organización de actualización da páxina web e das redes sociais.

- **Responsable:** Coordinador/a /Director/a do centro.
- **Indicador:** Páxina actualizada no 2024.
- **Obxectivo:** Revisión trimestral da páxina.
- **Calendario:** 2023 - 2024.

#### 1.2 Posta en funcionamento da tenda on-line.

Actualización das imaxes e dos produtos dos talleres para incorporalos na tenda on-line, así como a organización para que unha persoa se ocupe das vendas, envíos e do control de stocks.

- **Responsable:** Dirección – Coordinación do Centro.
- **Indicador:** Nº de pedidos anuais na tenda online.
- **Obxectivo:** Incremento anual do 5%.
- **Calendario:** 2023 - 2026.

#### 1.3 Maior difusión da labor realizada por ADISBISMUR.

Impartiranse actividades (charlas, obradoiros,...) polos institutos e colexios, así como nos Centros Culturais e Socias da comarca, ademais das diferentes visitas que se realizarán as empresas para dar a coñecer a nosa laboura.

- **Responsable:** Dirección – Coordinación do Centro.
- **Indicador:** Nº de charlas e visitas anuais realizadas.
- **Obxectivo:** Charlas: 10 Visitas:10
- **Calendario:** 2023 - 2026.

## OBXECTIVO 2: FINANCIAMENTO.

### 2.1. Aumentar o numero de prazas públicas

Ter reunións cos responsables de Cogami para que por medio deles se solicite en as prazas.

- **Responsable:** Xunta directiva
- **Indicador:** Conseguir algunha plaza en estes catro anos.
- **Obxectivo:** Todas as persoas que acuden o centro financien as súas prazas a Xunta.
- **Calendario:** 2023 a 2026

### 2.2 Aumentar o financiamento propio.

Aumentar a produción e a venda dos produtos dos talleres e os produtos hortícolas, aproveitando a xestión da tenda online

- **Responsable:** Xunta Directiva e Coordinador/a do centro.
- **Indicador:** Nº de pedidos anuais
- **Obxectivo:** Incremento anual do 5%
- **Calendario:** 2023 a 2026

### 2.3 Aumentar financiamento de empresas privadas.

Visitar as empresas privadas da zona, para darnos a coñecer e pedir financiación a cambio de publicidade.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:** Nº de visitas anuais.
- **Obxectivo:** 3 empresas colaboradoras o ano
- **Calendario:** 2023 a 2026.

### 2.4 Colaboración dos concellos.

Conseguir un convenio de colaboración cos concellos da bisbarra.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:** Nº de concellos que colaboran
- **Obxectivo:** 50% dos concellos solicitados que colaboren.
- **Calendario:** 2023-2026.

## 3.OBXECTIVO 3: FORMACIÓN.

### 3.1. Seguir aproveitando a financiación da Fundae para realizar a formación do persoal.

Firmouse un convenio con Cogami para realizar a formación conxunta a través da Fundae.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:** Nº de créditos consumidos

 	<h2>PLAN ESTRATÉGICO</h2>	<p style="text-align: center;"><b>MR053</b></p> <p style="text-align: center;">Edición: 01 Data: 01/03/2010</p>
---	---------------------------	---

- **Obxectivo:** Consumir o 90% dos créditos.
- **Calendario:** 2023 a 2026.

## 4.OBXECTIVO 4: PERSOAL.

### 4.1.Seguir aproveitando os Programas de Cooperación e os convenios de prácticas coas universidades e institutos

Mentres a Xunta siga convocando os programas de Cooperación aproveitaremos estas subvencións para ampliar a plantilla así como os convenios cas universidades e institutos.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:** Nº de contratos de cooperación e persoal en prácticas
- **Obxectivo:** Mínimo 2 traballadores/as.
- **Calendario:** 2023 a 2026.

## OBXECTIVO: 5.CERTIFICACIÓNS.

### 5.1 Renovar o selo EFQM de 200.

Renovar o selo EFQM en xuño do 2025

- **Responsable:** Comité de calidade.
- **Indicador:**
- **Obxectivo:** No 2026 seguir tendo o selo EFQM
- **Calendario:** 2023-2026

### 5.2. Realizar a auditoria de contas externa.

Facer unha auditoria externa de contas.

- **Responsable:** Xunta directiva.
- **Indicador:** O 30 de xuño este realizada a auditoría de contas
- **Obxectivo:** Realizar unha auditoría de contas externas anual
- **Calendario:** 2023-2026

## OBXECTIVO 6.SERVIZOS CENTRO DE RECURSOS.

### 6.1. Seguir mellorando o transporte adaptado.

Conseguir unha furgoneta adaptada.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:** Nº de subvencións
- **Obxectivo:** Unha subvención o ano
- **Calendario:** 2023 a 2026.

		<b>PLAN ESTRATÉGICO</b>	<b>MR053</b>  Edición: 01 Data: 01/03/2010
---	---	-------------------------	---

## **6.2..Manter ou mellorar os servizos especializados para os vindeiros catro anos.**

Seguir mantendo os servizos de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e educación social e conseguir atención psicolóxica.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:**
- **Obxectivo:** Mellorar co servizo de atención psicolóxica.
- **Calendario:** 2023 a 2026.

## **OBXECTIVO 7.CONSTRUCCIÓN DUNHA RESIDENCIA.**

Non hai ningunha residencia para persoas con discapacidade na comarca.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:**
- **Obxectivo:** Construcción da residencia nestes catro anos.
- **Calendario:** 2023-2026

## **OBXECTIVO 8.REHABILITACIÓN DAS PAREDES EXTERIORES DO CENTRO.**

Recubrimento das fachadas exteriores do centro para evitar a filtración de humidades.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicador:**
- **Obxectivo:** Obra realizada no 2026
- **Calendario:** 2023-2026

## **OBXECTIVO 9.CONSEGUIR UNHA PARCELA PARA REALIZAR PLANTACIÓN DE ÁRBORES FRUTAIS.**

Queremos aumentar o financiamento e diversificar as actividades do taller de viveirismo.

- **Responsable:** Enxeñeira técnica agrícola
- **Indicador:** No ano 2026 teñamos algo de produción.
- **Obxectivo:** A finais do 2024 estén prantados as árbores frutais.
- **Calendario:** 2023-2026